A actualización dos tipos impositivos nun 4% contida no presente expediente, unida ás xa aprobadas do 4% para 2024 e 2025, totalizaría unha actualización do 12,49% entre 2020 e 2025, porcentaxe aínda moi inferior á media dos indicadores económicos citados (18,34%). Se a comparamos coa variación do IPC (22,00%), a redución en termos reais dos tipos impositivos

aínda é do 7,80% o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal de 2026 pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 7,80%.

c) A proposta contida no presente expediente consiste en actualizar nun 4% as tarifas contidas no artigo 5 da Ordenanza.

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custo previsto para 2026 ascende a 3.385.880,29 € sendo os ingresos previstos 973.440€, resultando unha cobertura do 28,75%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria que a actualización prevista desta ordenanza supoñerá no concepto orzamentario 326.00: 37.440 €.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

A presente actualización ten encaixe neste precepto por ausencia de impacto significativo na actividade económica e non imposición de obrigas relevantes a destinatarios/as, por canto a actualización afecta a dezaioito tarifas: en once delas, o incremento é de céntimos de euro, nunha delas o incremento é de dez con oitenta euros e nas seis restantes, o incremento non chega a dez euros.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 61 DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.**

ARTIGO 5. TARIFAS.

A)

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización.....	83,25 €
Incremento diario por depósito e custodia	6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Inmovilización.....	20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	3,20 €

- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Inmovilización..... 157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia 12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización..... 243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 24,80 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 83,25€
Incremento diario por depósito e custodia..... 6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia 3,20 €

- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 24,80 €

- Contenedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 281,20 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 24,80 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte .../...”

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 11 de agosto do 2025, a Viceinterventora Adxunta emite informe de fiscalización favorable.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 22.08.2025, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, os voceiros, do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 5087/1101) e o do grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 5086/1101) presentan emendas en data 4.09.25.

Con data 15.09.2024, a directora de Ingresos emite informes sobre as emendas presentadas polos grupos municipais do BNG e do PP.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 22.09.25, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 25 de setembro, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5137/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

- *Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Abstencións:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, dezanove (19) votos en contra, dos membros do grupo municipal do PSOE, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5137/1101, con data de entrada o 25 de setembro de 2025, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- *Votos a favor:* dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* Ningunha.

ACORDO

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e do

grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

1º) Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 61 DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

ARTIGO 5. TARIFAS.

A)

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización..... 83,25 €
Incremento diario por depósito e custodia 6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Inmovilización..... 20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia 3,20 €

- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Inmovilización..... 157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia 12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización..... 243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 24,80 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 83,25€
Incremento diario por depósito e custodia..... 6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia 3,20 €

- Turismos e similares, cuadriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 24,80 €

- Contenedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas..... 281,20 €
Incremento diario por depósito e custodia..... 24,80 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

****.- Incidencia.** En cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

****.- Incidencia.** Sendo as 09:42 horas, auséntase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

MOCIÓNS:

7.(152). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPTE. PLENO 5123/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5123/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o Goberno do Partido Popular— está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións.

Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infrainvestimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000, cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional.

O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. A financiación da Xunta de Galiza é ridícula xa que dos 12€ por hora que reciben os concellos 7€ están financiados polo Estado Español e 5€ a pola Xunta. Porén, no Parlamento de Galiza, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente.

Ademais, desde que a Xunta modificou o decreto para a prestación do servizo os servizos sociais de base dos concellos xa non teñen que realizar o informe previo se prestación do servizo e a consellaría que decide, informa e traslada aos concellos as persoas usuarias as que se deben prestar o servizo sen mediar informe dos servizos sociais municipais que son os que mellor coñecen a situación da súa veciñanza, informe que debía ter carácter vinculante.

Por primeira vez hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender familiares dependentes.

Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

O SAF é un servizo esencial para a atención de persoas maiores e dependentes da nosa cidade. Vigo conta con preto de 8.000 persoas con algún grao de dependencia recoñecida e máis de 14.000 maiores de 65 anos que viven soas.

De aí que sexa imprescindible dotar este servizo de máis medios e capacidades para garantir unha atención axeitada e digna, toda vez existen na cidade arredor de 2.200 persoas dependentes en lista de agarda para poder acceder ao SAF ao tempo que a bolsa de horas dispoñíbeis e autorizadas pola Xunta está consumida case no cento por cento reducindo a posibilidade de novas altas ás baixas que se poidan producir.

Pero tamén para poñer fin á precariedade laboral extrema que padecen as súas traballadoras, con cargas de traballo esgotadoras, salarios baixos e pésimas condicións. Neste sentido, o Goberno municipal debe garantir que o proceso de licitación en curso para a xestión do SAF non se traduza nun novo contrato precario e de baixo custo. Para iso, tal e como ten reclamado reiteradamente o BNG, é imprescindible que se atendan todas as demandas trasladadas polo Comité de Empresa á concellaría de Benestar Social e que foron ignoradas na elaboración dos pregos da nova licitación.

No concreto é necesario actuar para que na nova licitación non se sigan a producir contratacións fraudulentas con persoal en xornadas parciais a quenda partida, que se garantan os dereitos retributivos do persoal e adecuada contabilización e compensación dos tempos de desprazamento (utilizando a oficina como punto de partida e retorno como se fai noutros concellos), así como garantir a formación homologada de todo o plantel, a dotación de técnico propio de Prevención de Riscos Laborais no SAF de Vigo e persoal de recursos humanos dedicado a atención do servizo na nosa cidade. Asemade cómpre tamén aumentar as axudas técnicas e as medidas de ergonomía, optimizar a organización diferenciando claramente a natureza dos servizos fronte ao necesario “respiro familiar”, reforzar a coordinación do servizo tamén en fin de semana e programar os servizos con maior flexibilidade horaria co obxectivo de aumentar a atención das persoas usuarias.

Ademais, após o trágico suceso acontecido o pasado mes de xullo no Porriño, co asasinato dunha traballadora no domicilio en que prestaba o servizo logo da vítima ter denunciado a situación de perigo en que se atopaba, cómpre tomar medidas que reforcen a seguridade de todas as persoas traballadoras do SAF.

A este respecto cómpre destacar que, conforme á lexislación vixente (RD 893/2024, do 10 de setembro, regulamento dos Servizos de Prevención), legalmente o domicilio das persoas usuarias é o lugar de traballo e, por tanto, debe contar con todas as garantías en materia de prevención de riscos laborais e dereitos do persoal. O artigo 14.1 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, determina que todas as persoas traballadoras teñen o dereito a unha protección eficaz no seu posto de traballo.

Así mesmo, a protección da integridade física, emocional e moral do persoal debe ser un principio irrenunciable. Establecendo unha política de tolerancia cero ante calquera forma de violencia, independentemente da súa natureza ou intensidade, promovendo unha cultura de seguridade e respecto que sitúe o coidado das persoas no centro da acción preventiva e da responsabilidade institucional.

O persoal que desenvolve funcións de axuda no fogar a persoas dependentes ten un risco elevado de padecer agresións de forma máis habitual e/ou frecuente durante o exercicio das súas funcións, tanto por parte das persoas usuarias do servizo, como por parte das persoas conviventes ou que forman parte da súa contorna. O feito de desenvolver a actividade por parte dunha única persoa traballadora, soa, fai que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade, tanto no momento das agresións como á hora de pedir auxilio.

Este risco laboral leva consigo a necesidade de implementar, por imperativo do artigo 16 da LPRL, protocolos de actuación ante as agresións. Protocolos que deben ser actualizados e adecuados para lograr unha maior eficacia das súas medidas. Considérase esta como a medida preventiva máis importante, que deberá complementarse con medidas concretas que se desenvolverán no caso de que se

materialice a agresión. Así mesmo é imprescindible a realización de avaliacións de riscos en todos os centros de traballo, tal e como demanda a representación sindical.

Mais se algo deixou claro o caso de Teresa de Jesús, é que diante dunha denuncia por parte dunha traballadora a única medida realmente efectiva, a que salva vidas, é a suspensión cautelar e inmediata do servizo no domicilio en cuestión, sen mediar ningún tipo de valoración técnica nin municipal nin da empresa.

Ante todo o exposto, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia, que esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas e que se demande de todas as partes implicadas na prestación do servizo a máxima protección contra a violencia e o acoso para as persoas traballadoras do SAF.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1 Instar ao goberno da Xunta de Galiza a:

- 1.1 Reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até como mínimo os 20 euros.
- 1.2 Reducir os tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.
- 1.3 Incrementar de xeito substancial o investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención
- 1.4 Abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas en residencias e centros de día, garantindo o dereito a unha vellez digna.
- 1.5 Aumentar o número de horas autorizadas para o SAF de Vigo e acordar, en colaboración co Concello de Vigo, o alargamento da súa carteira de servizos, para atender a demanda existente.
- 1.6 Elaborar, conxuntamente coa FEGAMP e os colectivos sociais implicados, un protocolo de actuación ante situacións de violencia de obrigado cumprimento en todos os SAF de Galiza que recolla medidas de protección das traballadoras incluída a suspensión cautelar inmediata en caso de denuncia como medida preventiva.
- 1.7 Modificar a normativa de aplicación no servizo para recoller:
 - A obriga das persoas usuarias do SAF de consentir as medidas de prevención de riscos no seu domicilio.
 - Autorizar a prestación do servizo con dúas auxiliares como medida de prevención de riscos músculo esqueléticos e psicosociais.

2 Instar ao Goberno municipal a:

- 2.1 Atender as demandas do Comité de Empresa do SAF para a mellora da prestación do servizo e das súas condicións laborais.
- 2.2 Proceder a actualizar o Regulamento municipal do SAF para o adecuar ás condicións actuais de prestación e aos cambios normativos, e incluír nel a

posibilidade de aplicar a suspensión cautelar, preventiva e inmediata da prestación do servizo ante a comunicación dunha situación de risco por parte dunha traballadora á coordinación do servizo, e a activación do protocolo específico de intervención, que deberá ser validado polo Concello, co fin de protexer a integridade das traballadoras e garantir unha actuación rápida e eficaz.

2.3 Realizar un maior e máis efectivo control e supervisión sobre as condicións de prestación do servizo, incluíndo o respecto estrito aos dereitos laborais e condicións retributivas do seu persoal.

2.4 Elaborar un estudo para avaliar a xestión directa do servizo a través dunha empresa pública municipal.

3 Manifestar o compromiso do Concello de Vigo coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e como dereito esencial da cidadanía.

4 Dar traslado destes acordos á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor*: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra*: dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Abstencións*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con tres votos (3) a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, dezoito (18) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 4.09.25 (Rex. Nº 5123/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, “*Para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencias.** Sendo as 10:02 h., ao rematar a votación do punto 7, un grupo de persoas que se atopan entre o público asistente á celebración desta sesión plenaria, postas en pé exhibindo diferentes carteis interrompen o desenvolvemento da mesma mediante gritos e slogans coreados relacionados coa problemática das persoas traballadoras do servizo de axuda no fogar.

A Sra. Presidenta da sesión chama á orde ao público asistente, co fin de proseguir co desenvolvemento normal da sesión. A pesar das chamadas á orde, algunhas persoas

do público continúan coreando slogans e consignas. Por este motivo a Sra. Presidenta, tras tres chamadas á orde, e sendo as 10:05 h. Suspende o desenvolvemento da sesión, requirindo da policía que se, transcorridos cinco minutos, o público persiste na súa actitude o desaloxe do salón de sesións. A celebración da sesión permanece suspendida entre as 10:05 h e as 10:12 h. Transcorrido este tempo, a instancias da policía local, esa parte do público abandona o salón de plenos de xeito voluntario.

Datos rexistrados e indicación dos momentos temporais segundo acta dixital:

00:38:35 : 7. Moción do grupo municipal do BNG para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Expte. Pleno 5123/1101.

[...]

00:57:59 - Votación [10:01:14]

01:01:30 - Silva Rego, Carmen

01:01:38 - Silva Rego, Carmen

01:02:00 - -Receso-

01:09:56 - Silva Rego, Carmen

01:10:00 - -Reanudación do pleno-

A Sra. Presidenta incorporase ao salón de plenos ás 10:13 h., levanta a suspensión, continuando co desenvolvemento da sesión. Solicita que conste en acta que os traballadores ten o seu dereito a manifestar a súa opinión. Así e todo, o mesmo non da da dereito a insultar nin a exercer a violencia, sequera a verbal, coma se viu, por representantes do sindicato CIG acercándose aos concelleiros ou dirixíndose a eles nominalmente nun ton ameazante. Actos como este, impulsados polo BNG, mostran unha visión totalitaria da política. Política que debería fomentar e impulsar outro tipo de comportamentos.

8.(153). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O INCREMENTO DA TAXA DO LIXO IMPOSTO POLA LEI 7/2022 DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS PARA UNA ECONOMÍA CIRCULAR E A ORDENANZA MUNICIPAL. EXPTE. 5124/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5124/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O INCREMENTO DA TAXA DO LIXO IMPOSTO POLA LEI 7/2022 DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS PARA UNHA ECONOMÍA CIRCULAR E A ORDENANZA MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados, impulsada unilateralmente polo Goberno de Pedro Sánchez, ten implicado neste 2025 un incremento exponencial do recibo do lixo en toda España, incluída obviamente a nosa cidade.

Esta lei é froito da transposición en España da Directiva Marco de Residuos da Comisión Europea 2008/98/CE modificada por la Directiva (UE) 2018/851, que establece as bases para una xestión de residuos máis sostible e a transición á economía circular.

O que a directiva di é que será cada estado membro quen elixa o instrumento concreto para tratar de equilibrar o custe do servizo de recollida e incineración do lixo. O que non significa necesariamente implementar un novo canon.

De feito 17 países membros da UE, entre outros Alemaña, Polonia, Finlandia, Grecia ou Irlanda non apostaron por esa vía impositiva. España si o fixo, rexeitando deste xeito outras vías para acadar o mesmo obxectivo, como afondar nunha maior concienciación cidadá para reciclar máis e mellor e así baixar o número de toneladas de lixo que mandamos á incinerar.

A última modificación da ordenanza do lixo aprobada en Vigo para cumprir coa devandita lei estatal 7/2022 tampouco afonda neste obxectivo. Xa que logo o recibo establece unha suba variable en función do número de moradores dunha vivenda sen discriminar positivamente se nese domicilio se recicla ou non.

¿Como vamos incentivar así a reciclaxe? Máis ben o que este goberno municipal está a facer é todo o contrario, fomentar que a xente deixe de facelo porque lonxe de repercutir o esforzo realizado no seu peto, cada ano o recibo seralles máis caro independentemente do que fagan. Algo inxusto e contrario ao obxectivo final, que é que todos reciclemos máis e mellor.

Xa que logo o responsable directo do sabrazo no recibo do lixo en Vigo é o goberno de Pedro Sánchez, quen o impuxo. Máis tamén o alcalde de Vigo e o seu goberno porque nin presentou alegación nin queixa algunha, como si fixeron outras administracións e concellos, nin tampouco contribuíu a limitar pegada deste novo imposto no peto dos vigueses a pesares de recoñecer publicamente que podía facelo.

De feito a Xunta tenlle transferido a este concello o pasado mes de abril 1,3 millóns de euros para facer fronte a este incremento, mentres Sogama estableceu un canon reducido que supón tamén un aforro millonario na factura deste Concello, ao que este goberno de Abel Caballero se ten acollido o pasado 31 de xaneiro comprometéndose a cumprir cos requisitos esixidos.

Así as cousas, mentres a Xunta e Sogama asumiron con recursos propios o 60% da suba, 2,4 millóns de euros dos 4,1 M estimados para Vigo, o goberno de Abel Caballero repercutiu o 40% restante, 1,6M no recibo que pagan os vigueses. Dous xeitos ben distintos de enfrontar este sabrazo do lixo.

Compre lembrar que o alcalde Vigo, D. Abel Caballero, comprometeuse publicamente a baixar o recibo de lixo en Vigo se Sogama eliminaba a suba do canon. Feito que queda demostrado xa que logo asume, xunto coa Xunta, o 60% dese incremento. Así pois o grupo municipal do Partido Popular de Vigo propón os seguintes

ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno de España a modificar a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para apostar por unha vía non impositiva que procure o mesmo obxectivo de equilibrar o custe do servizo de recollida e incineración do lixo mediante o fomento da reciclaxe que implique unha baixada das toneladas que se mandan á incinerar

2.- Esixir a este goberno municipal que cumpra con compromiso asumido por escrito o pasado 31 de xaneiro de acollerse ao canon reducido de Sogama co obxectivo de

aforrar aos vigueses 1,3 M de euros que lles está a cobrar a día de hoxe, devolvéndolle eses cartos ao peto dos cidadáns.

3.- Instar ao goberno de Vigo a asumir con recursos propios o 40% da suba do canon do mesmo xeito que Sogama e a Xunta asumen o outro 60% para anular a suba do lixo aos vigueses.

4.- Instar ao goberno de Vigo a modificar a ordenanza fiscal do lixo para establecer un novo modelo de recibo beneficie ás familias que separan e reciclan os residuos fronte ás que non o fan, de xeito que realmente fomente o obxectivo último da Directiva Europea de enviar menos toneladas de residuos sólidos urbanos á incineración."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5133/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra*: dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Abstencións*: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, dezoito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5091/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "*Sobre o incremento da taxa do lixo imposto pola Lei 7/2022 de Residuos e solos contaminados para unha economía circular e a ordenanza municipal*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 10:37 horas, auséntanse do Salón de Plenos os concelleiros do grupo municipal Socialista Sr. Aneiros Pereira e Sr. Rivas González. Continúa a sesión co

debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

9.(154). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A AXILIZAR AS AUTORIZACIÓNS DOS PROXECTOS PENDENTES SOLICITADOS POR ESTE CONCELLO. EXPTE. 5125/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5125/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno da Xunta de Galicia do PP ao longo dos últimos 16 anos distinguíuse por castigar a Vigo.

O relato dos agravios con esta cidade materialízase na débeda histórica que mantén con Vigo pola falta de investimentos reiterada, ano tras ano. A isto engádense as trabas permanentes que a Xunta impón ás iniciativas de Vigo e que precisan ser aprobadas polo Goberno galego.

Poderían citarse moitos exemplos desta política de obstaculización, pero a paralización dun proxecto tan emblemático como as ramplas da Gran Vía, na súa primeira fase, dá a medida de ata onde chegan as decisións da Xunta do PP. Tivo que ser unha decisión xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a que finalmente autorizase esta histórica actuación.

A día de hoxe, eses atrasos nas autorizacións mantéñense e preocúpanos o horizonte inmediato para poder desenvolver proxectos vitais para a cidade. A primeira fase de rexeneración da praia do Vao está pendente dun informe da Xunta, que ten a competencia da xestión do litoral en exclusiva desde o 1 de xullo. É un proxecto importante desde o punto de vista ambiental que está paralizado. Está sen resposta o proxecto das novas ramplas da Gran Vía, no treito que vai entre a confluencia do Centro Comercial Gran Vía e a rotonda das Illas Baleares; unha obra que ten un orzamento de 26 millóns de euros.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a axilizar as autorizacións dos proxectos pendentes solicitados por este Concello, abandonando a política de obstrución que o Goberno galego mantivo durante os últimos anos.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor:* dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.2025 (Rex. Nº 5125/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, *"Instando á Xunta de Galicia a axilizar as autorizacións dos proxectos pendentes solicitados por este Concello"*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:58 horas, incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Rivas González e auséntase do Salón de Plenos o concelleiro do grupo municipal Socialista Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

10.(155). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE SANIDADE A QUE ADOPTE A DECISIÓN DE MANTER A VIGO COMO SEDE OFICIAL PARA A CELEBRACIÓN DO EXAME MIR. EXPTE. 5126/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5126/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"No pleno do Concello de Vigo, celebrado o pasado día 12, presentamos unha moción para que se sumasen esforzos por parte do Conselleiro de Sanidade e do Ministerio de Sanidade e Vigo seguise sendo sede dos exames MIR.

O día 18 tamén deste mes, no Parlamento de Galicia, e en concreto na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, presentamos outra no mesmo sentido.

Mais tanto no Concello como no Parlamento de Galicia, o PP foi incapaz de demostrar co seu voto a defensa de que Vigo continúe sendo sede dos exames MIR. E este é o motivo que nos obriga de novo a un debate serio e rigoroso.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Instar ao Ministerio de Sanidade a que adopte a decisión de manter a Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR garantindo así a descentralización, accesibilidade e equidade no acceso as probas selectivas do Sistema Nacional de Saude.
- Instar ao Conselleiro de Sanidade a que solicite formalmente e por escrito ao Ministerio de Sanidade a convocatoria da Comisión Nacional de Recursos humanos do Sistema Nacional de Saúde, indicando craramente que é a súa intención rectificar a posición mantida na reunión celebrada no mes de Xulio e defender que Vigo sea sede dos exames MIR.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda cuxo texto consta no expediente electrónico número 5132/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádeda cuxo texto consta no expediente electrónico número 5134/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polos voceiros do grupo municipal do Partido Popular e do BNG.

VOTACIÓN:

- Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións:* ningunha.

ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.2025 (Rex. Nº 5126/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*Instando ao Ministerio de Sanidade a que adopte a decisión de manter a Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:21 horas, incorpóranse á sesión os concelleiros Sr. Aneiros Pereira e Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

11.(156). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A APOIAR O PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2026-2030 CONFINANDO TODOS OS PROGRAMAS PREVISTOS NO MESMO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 5127/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5127/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Goberno de España presentou o proxecto de Real Decreto polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, que busca configurar o acceso á vivenda como o quinto pilar do estado do benestar, xunto coa sanidade, a educación, as pensións e a dependencia. Este recoñecemento implica non só tutelar a súa función social evitando a especulación, senón tamén construír un parque público de vivenda permanente, patrimonio de todos os cidadáns que acolla tanto a xeración presente como a futura.

O obxectivo deste plan é resolver a situación do mercado da vivenda en España, caracterizado por unha oferta insuficiente, un parque residencial envellecido e unha crecente dificultade de acceso, especialmente para a mocidade e para as clases medias e traballadoras.

O interese social deste Plan e a necesidade social de implantar as súas medidas para garantir a cohesión social e o crecemento económico en Galicia e en Vigo fan imprescindible a colaboración institucional do Goberno de España, a Xunta de Galicia e os concellos.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Apoiar o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, cofinanciando todos os programas previstos no mesmo.
2. Blindar o parque de vivenda protexida, asegurando a permanencia indefinida da cualificación protexida para evitar as desclasificacións do pasado.

3. Implantar o sistema único de información e xestión dos datos de vivenda para facilitar a avaliación do mercado con datos homoxéneos e coñecer a eficacia das medidas adoptadas.
4. Promover os cambios lexislativos precisos para permitir o desenvolvemento de novas solucións habitacionais temporais como o *co-housing*, *co-living*, vivendas interxeracionais ou similares.
5. Garantir a distribución territorial dos fondos do Plan de xeito que o financiamento público de vivenda en Galicia se realice en función do peso dos demandantes de vivenda protexida.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5135/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Abstencións:* ningunha.

ACORDO:

Con dezoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.2025 (Rex. Nº 5127/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, "*Instando á Xunta de Galicia a apoiar o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 confinando todos os programas previsto no mesmo e outros acordos complementarios*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:40 horas, auséntanse do Salón de Plenos os concelleiros do grupo municipal Socialista Sr. Aneiros Pereira e Sr. Estévez Rodríguez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

12.(157). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A FIXAR EN 6,5 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS O CONVENIO CO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5128/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5128/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Tivo que ser o goberno da Deputación de Pontevedra presidido por Carmela Silva quen establecese por primeira vez na historia convenios de colaboración coa cidade de Vigo, despois de 40 anos de negativa aos mesmos por parte dos gobernos do PP.

Eses convenios prolongáronse ao longo de 8 anos, por unha cantidade que non gardaba proporcionalidade coa poboación de Vigo, pero que era un exemplo de solidariedade compartido pola Deputación e o Concello, en favor do conxunto do territorio.

O actual goberno da Deputación de Pontevedra do PP presume de incrementar as achegas aos municipios, cualificándoas de investimentos récord, e négalle ao Concello de Vigo a actualización do importe destinado á cidade.

Correspóndelle, de forma inmediata, ao goberno da Deputación aceptar a actualización da cantidade consignada no convenio co Concello de Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a fixar en 6,5 millóns de euros anuais o convenio co Concello de Vigo, con efectos dende o exercicio de 2024 e proceder á súa regularización desde esa data."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* ningunha.

ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.2025 (Rex. Nº 5128/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando ao goberno da Deputación de Pontevedra a fixar en 6,5 millóns de euros anuais o convenio co Concello de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Sendo as 11:59 horas, incorpórase á sesión o concelleiro Sr. Aneiros Pereira e auséntase a concelleira do grupo municipal socialista Sra. Alonso Suarez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

13.(158). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RESPALDANDO A POSICIÓN DO GOBERNO DE ESPAÑA EN DEFENSA DA PAZ E O RECOÑECIMENTO DE PALESTINA COMO ESTADO. EXPTE. PLENO 5130/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de setembro de 2025, número 5130/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O 7 de outubro de 2023, Hamás perpetró un atentado terrorista en Israel que causou a morte de máis de 1.200 persoas e o secuestro de 251 reféns —20 deles aínda con vida—. Dende o primeiro momento, o Partido Socialista e o Goberno de España condenaron enerxicamente estes ataques, esixindo a liberación inmediata e incondicional dos reféns, e mantendo encontros coas familias das vítimas.

A resposta militar do Goberno de Israel derivou nunha campaña de destrución masiva e desproporcionada que, tras case dous anos, afecta principalmente á poboación civil palestina. En Gaza rexístranse máis de 65.000 persoas falecidas, delas case 18.500 nenos e nenas; máis de 159.000 feridos; e case dous millóns de persoas desprazadas.

As violacións do Dereito Internacional e do Dereito Internacional Humanitario son sistemáticas. A catástrofe humanitaria é xa innegable. A Clasificación Integrada de Seguridade Alimentaria (IPC) confirmou a primeira fame oficial na historia de Oriente Medio, con medio millón de persoas en fase de fame (IPC-5) e máis dun millón en fase de emerxencia (IPC-4).

A fame, a falla de auga e o colapso do sistema sanitario están a ser utilizados como armas de guerra por parte de Israel. Están sendo atacados hospitais, escolas, universidades, instalacións de Nacións Unidas e centros de culto. Máis de 230 xornalistas e máis de 500 traballadores humanitarios perderon a vida. O Tribunal Penal Internacional emitiu ordes de arresto contra dirixentes de Israel e de Hamás por crimes de guerra e crimes de lesa humanidade. Pola súa banda, o Tribunal

Internacional de Xustiza ditaminou que a ocupación dos territorios palestinos é contraria ao Dereito Internacional e que Israel debe poñerlle fin de forma inmediata.

A Comisión Internacional Investigadora da ONU para os territorios palestinos ven de concluír a semana pasada que Israel está a cometer un xenocidio contra a poboación palestina en Gaza.

O Goberno de España situouse á vangarda da acción internacional en defensa dos dereitos humanos do pobo palestino e da solución de dous Estados, Israel e Palestina, como única vía para unha paz xusta e duradeira. España foi dos primeiros países en acudir, xunto con Suráfrica, ao Tribunal Internacional de Xustiza para denunciar a situación en Gaza baixo o marco da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio. En maio de 2024, o Goberno de España recoñeceu o Estado de Palestina, e dende entón traballou intensamente para sumar apoios internacionais, liderando iniciativas diplomáticas na Unión Europea e Nacións Unidas.

Nos últimos dous anos, o noso país triplicou as súas achegas á Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA), convocou a Cimeira Internacional de Madrid en maio de 2025, liderou propostas no marco europeo e impulsou medidas humanitarias e diplomáticas para deter a violencia, protexer a poboación civil e avanzar cara á paz. O Goberno de España propuxo no Consello informal de Copenhague do 30 de agosto, un Plan de Acción Urxente orientado a deter a violencia e protexer á poboación civil palestina.

Este último mes, o Consello de Ministros, en resposta ao xenocidio en Gaza e en apoio á poboación palestina, acordou poñer en marcha **nove medidas**. Entre estas accións destacan:

1. A Aprobación urxente dun Real Decreto Lei que consolide xuridicamente o embargo de armas a Israel.
2. A prohibición do tránsito por portos españois de barcos que transporten combustibles destinados ás forzas armadas israelís e a denegación de entrada ao espazo aéreo español a aeronaves estatais con material de defensa para Israel.
3. A denegación de entrada ao espazo aéreo español de aeronaves de Estado que transporten material de defensa destina a Israel.
7. A restrición do acceso a territorio español de quen participe no xenocidio, violacións de dereitos humanos ou crimes de guerra en Gaza.
5. A prohibición de importación de produtos procedentes de asentamentos ilegais en Gaza e Cisjordania.
6. A limitación dos servizos consulares aos cidadáns españois que residen en asentamento ilegais israelís á mínima asistencia legal obrigatoria.
7. O reforzo do apoio á Autoridade Palestina mediante o incremento de efectivos na Misión de Asistencia Fronteiriza da UE en Rafah.
8. A ampliación da contribución española á UNRWA con 10 millóns de euros adicionais;
8. Elevar a partida de axuda humanitaria e cooperación para Gaza ata acadar os 150 millóns de euros en 2026.

As decisións solidarias e coherentes cos Dereitos Humanos adoptadas polo Goberno de España neste contexto, interpelan á Unión Europea para que fixe a súa postura de xeito contundente e inmediato.

Os concellos, como administracións máis próximas á cidadanía, non podemos permanecer indiferentes. A defensa da dignidade humana, o respecto ao Dereito

Internacional, ao Dereito Internacional Humanitario e a solidariedade con quen sofre, son principios que forman parte dos valores democráticos das nosas institucións e da cidadanía viguesa.

Vigo reafirma o seu compromiso co dereito internacional humanitario, coa protección da poboación civil e cunha solución política xusta e duradeira.

Instamos a poñer fin ao xenocidio en Gaza

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista propón os seguintes

ACORDOS:

1. Respalda a posición do Goberno de España en defensa da paz, a Cimeira da ONU sobre a solución de dous Estados e o respecto ao Dereito Internacional Humanitario, recoñecendo a Palestina como Estado.

2. Reiterar a absoluta condena ao xenocidio e á ocupación ilegal de Israel en Gaza e Cisjordania, defendendo as resolucións das Nacións Unidas e as fronteiras do 67.

3. Esixir ao Goberno de Israel activamente o alto o fogo inmediato e permanente.

4. Expresar apoio incondicional á liberación de todos os reféns e mostrar solidariedade coa sociedade civil democrática israelí que se manifesta en contra das accións do seu Goberno en Gaza.

5. Manifestar o seu apoio ás conclusións e recomendacións da Comisión Internacional Independente de Investigación sobre os territorios palestinos ocupados, establecida polo Consello de Dereitos Humanos da ONU, que denuncia a comisión de actos xenocidas en Gaza e reclama a adopción de medidas inmediatas para protexer a poboación civil e garantir o cumprimento do Dereito Internacional.

6. Reclamar o acceso completo, seguro e sen restricións da axuda humanitaria á poboación palestina, conforme aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade, e rexeitar o uso da asistencia humanitaria como instrumento de guerra.

7. Manifestar o compromiso deste Concello coa solución de dous Estados, coa legalidade internacional, a defensa dos dereitos humanos e a paz, así como a súa solidariedade co pobo palestino, especialmente con quen foron vítimas directas da violencia, do desprazamento forzoso ou da destrución dos seus fogares e infraestruturas.

8. Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, aos voceiros dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 25 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5136/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* Non hai.

•*Abstencións:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.09.2025 (Rex. Nº 5130/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Respaldando a posición do Goberno de España en defensa da paz e o recoñecemento de Palestina como Estado*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 12:22 horas, a instancia da concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, a Presidencia invita á Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, a gardar un minuto de silencio polo "Xenocidio de Palestina".*

PARTE DE CONTROL

RESOLUCIÓNS.

14.(159). DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DO 2026. EXPTE. 98/142. (EXPTE. PLENO 5114/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta da Resolución da Alcaldía, de data 8 de setembro de 2025, ditada no expediente electrónico 98/142, que di o que segue,

"Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaboradas por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a formación do Proxecto Orzamentario do ano 2026.

Nos estados de gastos e ingresos xa se están a considerar as achegas de financiamento que está a facer a Entidade Matriz ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

Quedan incorporados os axustes de consolidación correspondentes ao Grupo, cuxa contía e detalle queda reflectida na táboa que se achega.

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco, liste e Convention Bureau).

	2025				2026	Variación 26/25
				Estimado		
Capítulo	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Obl.Recoñecidas		
1	86.407.635,54	86.537.034,12		71.265.235,03	88.531.595,35	2,46%
2	165.829.761,60	175.836.658,29		166.549.692,25	175.835.557,99	6,03%
3	51.780,00	375.780,00		225.968,00	61.780,00	19,31%
4	33.745.965,46	34.987.823,13		32.361.789,60	36.955.348,46	9,51%
5	600.000,00	600.000,00		,00	600.000,00	0,00%
G. Corrente NF	286.635.142,60	298.337.295,54		270.402.684,88	301.984.281,80	5,35%
6	44.644.462,86	133.454.125,35		39.200.023,45	41.840.484,35	-6,28%
7	3.345.680,80	10.552.519,03		3.096.234,44	1.059.444,00	-68,33%
G. capital NF	47.990.143,66	144.006.644,38		42.296.257,89	42.899.928,35	-10,61%
G. Non Financ.	334.625.286,26	442.343.939,92		312.698.942,77	344.884.210,15	344.884.210,15
8	532.000,00	5.032.000,00		399.000,00	532.000,00	
Total	335.157.286,26	447.375.939,92		313.097.942,77	345.416.210,15	3,00 %

Estado de ingresos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco, liste e Convention Bureau).

	2025				2026	Variación 26/25
				Estimado		
Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Der. Rcoñecidos			
123.381.301,49	123.381.301,49	100,00%	123.381.301,49		127.979.057,93	3,73%
11.620.105,44	11.620.105,44	100,00%	11.620.105,44		15.094.806,64	29,90%
48.527.950,77	48.557.877,86	105,00%	48.964.947,86		50.044.743,02	3,13%
124.005.970,81	126.662.176,99	98,00%	126.635.176,99		124.464.981,45	0,37%
5.809.000,00	5.864.000,00	100,00%	5.570.800,00		5.783.996,00	-0,43%
313.344.328,51	316.085.461,78		316.172.331,78		323.367.585,04	3,20%
,00	,00		,00			
18.960.433,35	23.960.433,35	80,00%	16.334.094,89		21.516.625,11	13,48%
18.960.433,35	23.960.433,35	68,17%	16.334.094,89		21.516.625,11	13,48%
332.304.761,86	340.045.895,13	97,78%	332.506.426,67		344.884.210,15	344.884.210,15
2.852.524,40	107.330.044,79	75,00%	399.000,00		532.000,00	
335.157.286,26	447.375.939,92	74,41%	332.905.426,67		345.416.210,15	3,00 %

Axustes de Consolidación

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	6.273.000,00

3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	770.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	250.000,00
3330.4890000	Fundación LISTE	127.000,00

Desagregación capítulo 1 e 2 do estado de ingresos.

Concepto	2025	2026
IBI	74.767.080,00	78.507.723,00
BICI	3.089.000,00	3.212.560,00
IAE	14.441.000,00	14.960.000,00
IVTM	15.367.391,00	15.367.391,00
IVTNU	5.500.000,00	5.500.000,00
ICIO	3.301.000,00	4.501.000,00
Tasa turística	,00	2.100.000,00
irpf+ive+iiee	18.535.935,93	18.925.190,57
Suma	135.001.406,93	143.073.864,57
FCF+Liq	106.013.392,88	102.697.988,10

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA				2026	
Capítulos	D.Axustados	Obrigas	2025	Ingresos	Gastos
1	121.384.287,47	71.265.235,03		127.979.057,93	88.531.595,35
2	11.642.149,59	166.549.692,25		15.094.806,64	175.835.557,99
3	46.613.116,53	225.968,00		50.044.743,02	61.780,00
4	126.635.176,99	32.361.789,60		124.464.981,45	36.955.348,46
5	5.570.800,00	0,00		5.783.996,00	600.000,00
O.correntes N.F	311.845.530,59	270.402.684,88	41.442.845,71	323.367.585,04	301.984.281,80
6	0,00	39.200.023,45		0,00	41.840.484,35
7	16.334.094,89	3.096.234,44		21.516.625,11	1.059.444,00
Op. Capital N.F	16.334.094,89	42.296.257,89	-25.962.163,00	21.516.625,11	42.899.928,35
O.N.financieiras	328.179.625,48	312.698.942,77	15.480.682,71	344.884.210,15	344.884.210,15
	Axuste CN, PTE		343.152,03	(F217-G217)	,00
	Axuste CN, liquidación 2020		,00		
	Axustes FMRR Ayto		-3.643.352,00		
	Axuste FMRR Xerencia		1.656.750,51		
Capacidade de financiamento			13.837.233,25		

Regra de Gasto, 2025-2026

Año 2025, previsión de liquidación do grupo de consolidación

Año 2026, previsión orzamentaria

		REGRA DE GASTO 2026		3,30%	TRCPIB								
Grupo				Axustes, incluíndo os de consolidación e as medidas normativas permanentes, Δ do 4% nas OF									
		Límite GNF	GNF Presupostado	F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Outros	Consolidac.	Ax. recad.	Inexecución	GNF/Axustado	
Concello	267.489.033,89	276.316.172,01	341.615.106,15	4.899.353,94	9.066.693,46	10.762.215,02	11.576.154,55	729.000,00	7.420.000,00	6.607.192,80	13.816.961,77	276.737.534,61	
Grupo	GNF/2023	Límite GNF	GNF/axustado	F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Outros	Consolidac.	Ax. recad.		GNF/axustado	
AMU	9.152.189,96	9.454.211,20	9.949.664,00	,00	,00	205.709,00					377.040,52	8.945.964,00	
Concello	261.788.940,00	270.186.186,14	307.530.917,32	5.450.057,65	3.998.400,00	12.414.489,63	3.950.000,00	907.553,50	7.255.000,00	6.066.382,65		267.489.033,89	
MARCO	987.211,74	1.019.820,72	1.087.000,00									1.087.000,00	
C.BUREAU	5.184.822,47	5.382.788,39	10.695.689,07	,00	359.000,00	1.174.500,51						9.152.189,96	
IVT	1.074.124,39	1.109.496,37	1.987.041,04									1.074.124,39	
C.BUREAU	278.269.029,33	287.309.385,58	352.452.565,87	4.899.353,94	9.066.693,46	10.967.915,02	11.576.154,55	729.000,00	7.420.000,00	6.607.192,80	14.194.002,29	286.976.898,09	
LISTE	126.923,46	130.985,01	128.113,27									128.113,27	
	269.875.489,72	278.511.505,39	319.834.557,77	5.450.057,65	4.357.400,00	13.588.990,14	3.950.000,00	907.553,50	7.255.000,00	6.066.382,65		278.259.173,83	

SEGUNDO.- Hai cumprimento das regras fiscais, tanto na previsión da Liquidación do Orzamento do ano 2025 como das previsións do proxecto orzamentario 2026 do grupo de consolidación.

En relación coa previsión de Liquidación do Orzamento do 2025 tívose en conta as dotacións orzamentarias vixentes, estando incluía a modificación orzamentaria 56,56A/2025 da Entidade Local e a 3/2025, da XMU, polo que, de xurdir algún gasto extraordinario antes do peche, non estaría computado nesta previsión. Estimouse sobre as devanditas modificacións, que contía nas aplicacións que reflicte a mesma, chegarán á fase de execución e terán o seu impacto no gasto non financeiro.

TERCEIRO.- Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto antes das 24 horas do día 15 de setembro de 2026.

Queda incorporado ás mesmas os convenios vixentes en relación co cofinanciamento doutras administracións.

Hai cumprimento das regras fiscais, tanto na previsión da Liquidación 2025 como das previsións do proxecto orzamentario 2026.

En relación coa previsión de Liquidación do Orzamento do 2025 tívose en conta as dotacións orzamentarias vixentes, polo que, de xurdir algún gasto extraordinario antes do peche, non estaría computado nesta previsión, aínda que xa está prevista a modificación orzamentaria número 56,56A/25, expediente 96/142, en trámite e a súa previsión de execución no ano 2025.

CUARTO.- Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

QUINTO.- Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 22 de setembro de 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das Liñas Fundamentais do Orzamento 2026.

15.(160). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/08/25 E O 18/09/25, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5120/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/08/25 e o 18/09/25, incluídas no expediente 5120/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16.(161). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/08/25 E O 18/09/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE EXPTE. PLENO 5121/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/08/25 e o 18/09/25, incluídas no expediente 5121/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

17. FORMULACIÓN DE ROGOS.

17.1.(162). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno municipal se dirixa ao Goberno español e a Correos para demandar a mellora do servizo postal, coa restitución dos servizos e oficinas suprimidas e o incremento do seu cadro de persoal».

17.2.(163). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que este grupo municipal poña en marcha un plan de choque e demande a concesionaria da limpeza contra a proliferación das pintadas vandálicas que ensucian a cidade, que cada día son máis, afectando a espazos públicos e mobiliario urbano nas nosas rúas, prazas e parques».

18. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18.1.(164). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martinez Piñeiro «¿Vai o Goberno municipal retirar ou deixar sen efecto o informe e as circulares emitidas desde a xefatura do servizo de bombeiros, coa conformidade da concelleira delegada, nas que coa excusa da protección da imaxe institucional se establecen medidas e censura e control sobre as posíbeis manifestacións en redes sociais e outros entornos dixitais por parte do persoal municipal ou a súa representación, e que vulneran dereitos fundamentais como a liberdade de expresión e sindical?».

18.2.(165). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. «¿Cando vai este goberno municipal convocar a oferta de emprego pendente onde vai recollida entre outras, a praza de funcionaria de psicóloga para o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, de Vigo, logo que o pasado venres, en xunta do goberno local, despois de case 9 meses valeira se nomeara a unha profesional con carácter interino para reforzar as listas de agarda de tres meses do servizo que está a colapsar?».

Asunto : Pleno ordinario setembro 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 29 de Setembro de 2025 09:03:19
Fecha Fin : Lunes, 29 de Setembro de 2025 12:51:52
Duración : 03:48:33

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3595

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.0 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/dWI4XZATsfCbW7mDM3DiKZH0sF7q0uiL3SJiahuYfyfQI5G.wmv>
SHA512 - fdd2a8cf5309379e5c0fa25f4087fe04465a9efe58bc0d622db768fa6a23ab716e437ccf4fcc795b1a2758c34e297c7b4d00f2d9df6c8c4b4362d3e82e59a668

- Media (PROXYS)

(no disponible)

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario;
Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos;
Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María
Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago
Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana
Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María
José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías
Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López,
Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María;
Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides
Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana;
Pérez Iglesias, Xabier.

00:01:07 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:50 : 1. Actas anteriores: Ordinaria (agosto) do 12 de setembro
e extraordinaria do 18 de setembro do 2025.

00:02:21 : 2. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto
sobre bens inmobles. Expte. 3292/500. (Expte. Pleno 5109/1101).
00:02:21 - Aneiros Pereira, Jaime

00:02:22 : 3. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre
actividades económicas. Expte. 3293/500. (Expte. Pleno
5110/1101).

00:02:23 : 4. Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos
públicos das escolas municipais de música e artes
escénicas. Expte. 3294/500. (Expte. Pleno 5111/1101).

00:02:24 : 5. Modificación da ordenanza fiscal dos prezos públicos por

utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de Deportes. Expte. 3295/500. (Expte. Pleno 5112/1101).

00:02:24 : 6. Modificación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos e inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. Expte. 3296/500. (Expte. Pleno 5113/1101).

00:11:27 - Caballero Álvarez, Abel

00:11:33 - Pérez Iglesias, Xabier

00:20:37 - Caballero Álvarez, Abel

00:20:41 - García González, Patricia

00:28:10 - Caballero Álvarez, Abel

00:28:19 - Aneiros Pereira, Jaime

00:33:27 - Caballero Álvarez, Abel

00:33:42 - Votación [9:36:56]

00:37:22 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero-

00:38:35 : 7. Moción do grupo municipal do BNG para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Expte. Pleno 5123/1101.

00:38:48 - Pérez Iglesias, Xabier

00:43:52 - Silva Rego, Carmen

00:43:59 - Gonzalez Abeijón, Fernando

00:46:53 - Silva Rego, Carmen

00:47:00 - Gonzalez Abeijón, Fernando

00:49:12 - Silva Rego, Carmen

00:49:17 - Aguiar Castro, Yolanda

00:52:51 - Silva Rego, Carmen

00:53:07 - Aguiar Castro, Yolanda

00:54:41 - Silva Rego, Carmen

00:54:48 - Silva Rego, Carmen

00:54:53 - Pérez Iglesias, Xabier

00:57:57 - Silva Rego, Carmen

00:57:59 - Votación [10:01:14]

01:01:30 - Silva Rego, Carmen

01:01:38 - Silva Rego, Carmen

01:02:00 - -Receso-

01:09:56 - Silva Rego, Carmen

01:10:00 - -Reanudación do pleno-

01:12:13 : 8. Moción do grupo municipal do PP sobre o incremento da taxa do lixo imposto pola Lei 7/2022 de Residuos e solos contaminados para una economía circular e a ordenanza municipal. Expte. 5124/1101.

01:12:35 - Sanchez Mendez, Luisa María

01:17:38 - Silva Rego, Carmen

01:17:49 - Abalde Comesaña, Filipe

01:22:51 - Silva Rego, Carmen

01:24:28 - Aneiros Pereira, Jaime

01:29:28 - Silva Rego, Carmen

01:29:38 - Sanchez Mendez, Luisa María

01:32:40 - Silva Rego, Carmen

01:32:52 - Votación [10:36:06]

01:33:14 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a axilizar as autorizacións dos proxectos pendentes solicitados por este Concello. Expte. 5125/1101.

01:33:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

01:38:51 - Silva Rego, Carmen

01:38:57 - Abalde Comesaña, Filipe

01:43:27 - Silva Rego, Carmen

01:43:42 - García González, Patricia

01:48:48 - Silva Rego, Carmen
 01:48:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:51:57 - Silva Rego, Carmen
 01:54:09 - Votación [10:57:23]

01:54:40 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Ministerio de Sanidade a que adopte a decisión de manter a Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR. Expte. 5126/1101.

01:55:01 - Espinosa Mangana, Elena
 01:59:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:00:04 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:05:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:05:08 - Benavides Alonso, Daniel
 02:10:06 - Silva Rego, Carmen
 02:10:21 - Espinosa Mangana, Elena
 02:13:24 - Silva Rego, Carmen
 02:15:55 - Votación [11:19:08]

02:16:14 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a apoiar o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 confinando todos os programas previstos no mesmo e outros acordos complementarios. Expte. 5127/1101.

02:16:51 - Caride Estévez, María José
 02:21:54 - Silva Rego, Carmen
 02:22:00 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:27:07 - Martín Peña, José Miguel
 02:32:12 - Silva Rego, Carmen
 02:32:18 - Caride Estévez, María José
 02:35:22 - Silva Rego, Carmen
 02:35:58 - Votación [11:39:11]

02:36:27 : 12. Moción do grupo municipal Socialista instando ao goberno da Deputación de Pontevedra a fixar en 6,5 millóns de euros anuais o convenio co Concello de Vigo. Expte. 5128/1101.

02:36:46 - López Font, Carlos
 02:41:44 - Silva Rego, Carmen
 02:41:54 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:46:25 - Silva Rego, Carmen
 02:46:29 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:51:33 - Silva Rego, Carmen
 02:51:50 - López Font, Carlos
 02:54:51 - Silva Rego, Carmen
 02:55:04 - Votación [11:58:17]

02:55:17 : 13. Moción do grupo municipal Socialista respaldando a posición do Goberno de España en defensa da paz e o recoñecemento de Palestina como Estado. Expte. Pleno 5130/1101.

02:55:32 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:00:18 - Silva Rego, Carmen
 03:00:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 03:05:29 - Silva Rego, Carmen
 03:05:33 - Martín Peña, José Miguel
 03:10:11 - Silva Rego, Carmen
 03:10:50 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:13:30 - Silva Rego, Carmen
 03:18:01 - Votación [12:21:14]
 03:19:10 - -Minuto de silencio polo xenocidio palestino-

03:20:24 : 14. Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2026. Expte. 98/142. (Expte. Pleno 5114/1101).

03:20:41 - Aneiros Pereira, Jaime
 03:25:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:25:49 - Pérez Iglesias, Xabier

03:30:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:31:01 - García González, Patricia
 03:35:19 - Silva Rego, Carmen
 03:35:25 - Aneiros Pereira, Jaime
 03:38:27 - Silva Rego, Carmen

 03:38:39 : 15. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o
 19/08/25 e o 18/09/25, incluídas no Expte. Pleno 5120/1101.

 03:38:57 : 16. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as
 delegados/as, ditadas entre o 19/08/25 e o 18/09/25, incluídas
 no expediente Expte. Pleno 5121/1101.

 03:39:19 : 17. Formulación de rogos.
 03:39:27 - Abalde Comesaña, Filipe
 03:39:44 - Silva Rego, Carmen
 03:39:52 - Martín Peña, José Miguel
 03:40:09 - Silva Rego, Carmen

 03:40:12 : 18. Formulación de preguntas.
 03:40:19 - Martínez Piñeiro, Ana
 03:40:49 - Silva Rego, Carmen
 03:40:55 - Martín Peña, José Miguel
 03:41:16 - Silva Rego, Carmen
 03:48:33 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e cincuenta e un minutos (12:51) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 17/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
 M^a del Carmen Silva Rego
 Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
 Jose Villan Fuertes